

---

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

---

---

4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2017/ 2018

CEIP CANICOUVA, VIGO

---

ÍNDICE



<b>1.- INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>3</b>
1.1 - Marco legal.....	3
<b>2.- CONTEXTUALIZACIÓN.....</b>	<b>3</b>
2.1.- Características e situación.....	3
2.2.- Análise socioeconómica e cultural.....	3
2.3.- Estrutura e organización xeral do centro.....	4
2.4.- Características do alumnado do 4º nivel de EP.....	4
<b>3.- ELEMENTOS SIGNIFICATIVOS DA PROGRAMACIÓN.....</b>	<b>6</b>
3.1.– Obxectivos xerais de etapa:.....	6
3.2.- Selección e secuencia de obxectivos e contidos:.....	8
3.3. Importancia das competencias clave e a súa concreción.....	9
3.4.- Criterios de avaliación.....	10
3.5.- Decisións sobre a metodoloxía didáctica.....	10
3.5.1. Aspectos lexislativos.....	10
3.5.2. Principios pedagóxicos.....	11
3.6.- Materiais e recursos didácticos.....	11
3.7.- Procedementos e instrumentos de avaliación.....	12
3.8.- Criterios de cualificación.....	14
3.9.- Medidas de atención á diversidade.....	15
3.9.1. A atención á diversidade.....	15
3.10.- Actividades complementarias e extraescolares.....	16
3.11.- Accións previstas de acordo co proxecto lector.....	16
3.12.- Accións previstas de acordo co plan de integración das TIC.....	17
<b>4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES APRENDIZAXE, E COMPETENCIAS AS QUE SE CONTRIBÚE.....</b>	<b>19</b>

## 1.- INTRODUCCIÓN

A presente programación didáctica corresponde ao cuarto curso de Educación Primaria para o ano académico 2017/2018; para as Áreas de Matemáticas; Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura; Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, a materia de Educación plástica da Área de Artística, e Valores Sociais e Cívicos para o alumnado que non asiste a Relixión .

### *1.1 - Marco legal.*

A Lei Orgánica 8/2013 de decembro non substitúe senón que modifica o texto da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación; no seu calendario de aplicación determina que se establecen as ensinanzas mínimas de dita etapa e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, razón pola que se parte do citado decreto para realizar a programación de competencias clave, obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e metodoloxía, así como a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

## 2.- CONTEXTUALIZACIÓN

### *2.1.- Características e situación.*

Este centro escolar atópase situado ao lado do Parque de Castrelos tamén denominado Quiñones de León, preto do estadio de Balaídos e Citroën. Esta zona era considerada tradicionalmente como un dos límites de Vigo. Trátase dun barrio moi poboado que naceu a partir da creación dun polígono industrial, ao que chegaron xentes que viñan a traballar no sector do automóbil. Na actualidade é unha zona residencial e comercial que medrou nos últimos anos coa localización nela da fábrica de PSA.

### *2.2.- Análise socioeconómica e cultural.*

O nivel socio – económico é medio e a colaboración coas familias é boa. Un número significativo de familias dedícanse ao sector servizos, á administración e ao comercio. O nivel de estudos da maioría dos pais son estudos primarios e medios.

### 2.3.- Estructura e organización xeral do centro.

No centro desenvólvense dúas etapas do ensino: Infantil e Primaria . Para o presente curso conta cun total de 27 mestres coa seguinte organización:

- 7 mestras de educación infantil.
- 11 mestres de educación primaria.
- 1 mestre especialista en educación musical.
- 2 mestres especialistas en educación física.
- 2 mestras especialistas en lingua estranxeira (inglés).
- 1 mestras especialista en pedagogía terapéutica.
- 1 especialista en audición e linguaxe.
- 1 mestra de relixión compartida con outro colexio.
- 1 Orientador.

A organización do centro réxese seguindo os criterios establecidos no D. 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e así vén recollido no Proxecto Educativo do Centro.

Ten escolarizados a 292 alumnos e alumnas das etapas de infantil e de primaria, que na meirande parte dos casos viven en lugares preto do colexio.

O CEIP Canicouva está configurado por dous edificios: un local para o alumnado, outro local como almacén e vivenda do conserxe. Conta coas instalacións de ximnasio no que tamén se fan os festivais, biblioteca, aula de informática, sala de TIC, aula de inglés, aula de plástica, aula de música, sala de profesorado, despachos do equipo directivo, aula do Dpto. de Orientación, aula de Audición e Linguaxe, aula de Pedagogía Terapéutica.

### 2.4.- Características do alumnado do 4º nivel de EP

#### 1. Desenvolvemento afectivo-social:

A estas idades os compañeiros/as cobran un papel protagonistas. A vida e o traballo en grupo aumenta, onde as actividades cooperativas e tamén competitivas xogan un papel importante. Os

grupos tenden a ser homoxéneos en relación ao sexo e á idade. Os pais, nais e profesores perden protagonismo. Deixan de ser as fontes de autoridade intelectual e moral.

## 2. *Desenvolvemento moral*

Os nenos e nenas pasan de entender unha norma coma un ben en si mesma desligada de calquera valoración persoal, a vela como resultado dunha necesidade do grupo. Tenden a aplicar a norma sen moita flexibilidade. Consideran que a norma se debe utilizar en igualdade de condicións para dosas e non entenden a relatividade de cada situación.

A estas idades, os nenos/as empezan a analizar os feitos desde un punto de vista persoal, a entender a xustiza e as normas de forma máis crítica e a gozar aceptando pequenas responsabilidades.

## 3. *Desenvolvemento persoal*

A construción da personalidade pasa por un período que avanza cara á afirmación dun autoconcepto menos global e máis matizado. Distinguen as calidades físicas das psicolóxicas, e van conseguindo lentamente a súa identificación sexual.

A estas idades xa poden reflexionar sobre os seus propios pensamentos e sentimentos, anticipar o pensamento dos outros, e comprender que son xulgados polos demais da mesma maneira que eles xulgan.

Os nenos e nenas chegan a estes niveis educativos cunha experiencia escolar e vital previa importante. O seu marco de referencia amplíase, e lentamente, vanse independizando do seu contexto. Senten a necesidade de conducirse de forma máis persoal, segundo os seus propios criterios, e resollen os problemas utilizando un coñecemento máis obxectivo da realidade.

Os alumnos de 4º de primaria, presentan un potencial que permite grandes posibilidades de intervención educativa.

## 4. *Desenvolvemento motor*

A estas idades, os nenos/as presentan unha boa coordinación xeral, tanto en repouso como en movemento. Isto permítelles un adecuado dominio do espazo que favorecerá a súa propia organización nel.

A súa motricidade é máis eficaz e precisa. Permítelles maior resistencia e mellor execución.

A interiorización do propio esquema corporal vai evolucionando desde unha concepción parcial e fragmentada do corpo, cara a unha maior conciencia do seu funcionamento e posibilidades.

### 5. *Desenvolvemento da linguaxe*

A estas idades o desenvolvemento da linguaxe caracterízase por:

- ✓ Dominio das habilidades de lectura e escritura.
- ✓ Ampliación do vocabulario. O progreso do pensamento concreto inflúe na formación de conceptos.
- ✓ Utilización correcta da concordancia de artigos e pronomes.
- ✓ Progresos na comprensión e utilización da linguaxe matemática.
- ✓ A linguaxe corporal utilízase de forma máis precisa.

### 6. *Desenvolvemento cognitivo*


O desenvolvemento cognitivo ás idades de 8-10 anos caracterízase por:

- ✓ Aumenta a plasticidade do pensamento.
- ✓ Capacidade de análise e síntese.
- ✓ Aumento da curiosidade e do interese por coñecer detalles e clasificar.
- ✓ Aumenta a capacidade memorística.
- ✓ Capacidade de comprender ou integrar accións realizadas.
- ✓ Capacidade de dar sentido á experiencia.

## 3.- ELEMENTOS SIGNIFICATIVOS DA PROGRAMACIÓN

### 3.1.– *Obxectivos xerais de etapa:*

Os obxectivos xerais de etapa son os únicos obxectivos que aparecen no currículo; é dicir, con respecto ao anterior, desaparecen os obxectivos de área. Así, os obxectivos de etapa pódense definir como “os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin” (artigo 4.3.a do **Decreto 105/2014**).



Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

**a)** *"Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática".*

**b)** *"Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor".*

**c)** *"Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan".*

**d)** *"Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos".*

**e)** *Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.*

**f)** *"Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás".*

**g)** *"Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá".*

**h)** *"Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia".*

**i)** *"Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran".*

*j) "Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais".*

*k) "Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social".*

*l) "Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado".*

*m) "Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual".*

*n) "Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico".*

*o) "Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas".*

### *3.2.- Selección e secuencia de obxectivos e contidos:*

A concreción dos obxectivos e contidos tivo en conta os seguintes principios:

- ✓ Adecuación ao desenvolvemento evolutivo dos alumnos e alumnas de cada un dos ciclos e cursos.
- ✓ Consideración dos obxectivos da etapa, e a súa relación coas competencias clave.
- ✓ Aprendizaxes previas que estes rapaces e rapazas teñen como consecuencia da súa historia educativa.
- ✓ Coherencia coa lóxica interna de cada unha das áreas á que pertencen os contidos de ensinanza e aprendizaxe.
- ✓ Selección de contidos de acordo cos bloques do currículo oficial.
- ✓ Equilibrio entre contidos específicos e tratamento cíclico dos máis significativos.

- ✓ Enfoque globalizado parcial.
- ✓ Relevancia e consideración das competencias básicas e os contidos comúns-transversais en función das características das áreas en que se integran.

### 3.3. *Importancia das competencias clave e a súa concreción*

Como sinalouse na *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa* determina que as competencias clave constitúen o punto de referencia para determinar os procesos de *avaliación e a promoción ou permanencia* dun alumno nun determinado curso. Todo isto implica que as ensinanzas que se establecen no currículo oficial e a súa concreción nos centros han de garantir o desenvolvemento das competencias polos alumnos e alumnas.

A Comisión Europea de Educación estableceu unhas competencias clave ou destrezas básicas necesarias para a aprendizaxe das persoas ao longo da vida. Defínense como *“as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”* (artigo 4.3.b do Decreto 105/2014).

O Decreto 105/2014 baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares, para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino-aprendizaxe.

No decreto 105/2014, polo que se establece o currículo de educación primaria identifícanse sete competencias clave para o conxunto da escolaridade obrigatoria:

1. Comunicación lingüística (CCL)
2. Competencia Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
3. Competencia dixital (CD)
4. Aprender a aprender (CAA)
5. Competencias sociais e cívicas (CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Estas competencias deberemos materializalas en enunciados máis concretos que, desde cada área, definan medios operativos que identifiquen a corresponsabilidade de cada ámbito do currículo para a súa adquisición e desenvolvemento. Desta maneira, mostraremos unhas *competencias específicas* como elementos de desempeño en contextos determinados de ensinanza-aprendizaxe.

### 3.4.- Criterios de avaliación

Segundo indica o currículo oficial, os criterios de avaliación establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera que os alumnos vaian acadando ao longo da Educación Primaria con respecto ás competencias clave e ás capacidades indicadas nos obxectivos xerais. O nivel de cumprimento destes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados non será medido de forma mecánica, senón con *flexibilidade*, e tendo en conta a situación do alumno ou alumna, o curso en que se atopa, ademais das súas propias características e posibilidades.

Á súa vez, a avaliación, cumpre, fundamentalmente, unha *función formativa*, porque lle ofrece ao profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe dos seus alumnos, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias advertidas. Por outra parte, eses indicadores constitúen unha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensinanza. Por isto, os criterios de avaliación, xunto ás competencias específicas, veñen ser un referente fundamental de todo o proceso interactivo de ensinanza e aprendizaxe.

### 3.5.- Decisións sobre a metodoloxía didáctica

#### 3.5.1. Aspectos lexislativos.

A LOMCE, no Art. 15, establece como principios pedagóxicos da etapa de Primaria: a atención á diversidade, a atención individualizada e a prevención de dificultades de aprendizaxe; o tratamento da comprensión lectora, da expresión oral e escrita, da comunicación audiovisual, das TIC e da educación en valores. Engadindo a especial atención as áreas instrumentais e o carácter global e integral de toda a etapa.

O Decreto 105/2014 en Metodoloxía xeral fai referencia á importancia das competencias clave no carácter integrador e funcional das aprendizaxes; polo que, a grandes trazos, a práctica educativa deberá dotar os contidos dun enfoque integrador, centrarse na funcionalidade das aprendizaxes, procurar a auto-aprendizaxe, favorecer o traballo cooperativo e propiciar as capacidades de tratamento da información. No seu Art. 16 o Decreto 105/2015 trata a atención á diversidade de todo o alumnado, facendo especial fincapé no alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e a posta en práctica de medidas de reforzo, en canto sexan detectadas ditas necesidades de aprendizaxe.

### 3.5.2. Principios pedagóxicos.

Desde un punto de vista xenérico as programacións didácticas baséanse nos principios de intervención educativa sinalados e que se sintetizan e concretan da seguinte forma:

- a) Partirase do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
- b) Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias clave e específicas por medio do traballo das áreas.
- c) Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte a súa aprendizaxe mecánica.
- d) Propiciaranse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno e alumna poidan comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- e) Fomentarase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno/a poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de *aprender de forma autónoma*.

### 3.6.- *Materiais e recursos didácticos*

Utilizaranse tódolos materiais e recursos necesarios para o desenvolvemento das diferentes materias:

- a) Libros de texto

- b) CD de apoio das diferentes áreas.
- c) Blog de aula
- d) Sala de informática. Ordenador de aula. Videoproxector.
- e) Tablets
- f) Sala de vídeo.
- g) Colección DVDs educativos
- h) Encerado
- i) Murais
- j) Libros da Biblioteca de aula e centro.
- k) Xornais. Revistas. Cómicos.
- l) Fichas de ampliación e reforzo
- m) Recursos específicos de cada una das áreas: Ábacos ,Regretas, Barallas de cartas...
- n) Materiais funxibles: fotocopias, folios, cartulinas...
- o) Xogos didácticos: lince, jenga, contruccións en 3D, miniarcos, mastermind, bingos didácticos, dominós matemáticos, ...

### 3.7.- Procedementos e instrumentos de avaliación

**Avaliación do alumnado.** Será continua e global. Terá tres momentos: inicial, para diagnosticar a situación de partida; continua, para regular o proceso e final, para valorar o grao de consecución dos obxectivos.

**Avaliación da programación.** Revisión para a súa adecuación.

**Avaliación do mestre.** Diálogo cos compañeiros/as, autoavaliación, reflexión no diario.

Os alumnos deben coñecer os mecanismos de avaliación.

Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación por parte do docente, os seus iguais e el mesmo que, tomando como referencia a avaliación inicial, permitan ao alumno coñecer o grao de consecución dos seus logros.

As aprendizaxes do alumno/a deben ser avaliados sistemática y periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridas como para introducir no proceso educativo os cambios que sexan precisos se é necesario (cando os aprendizaxes dos alumnos non responden ao que se espera deles a priori).

Se partimos de que as competencias supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar e avaliar se o alumno/a conseguinas é reproducir situacións o máis reais posible.

A avaliación por competencias permite avaliar tanto o logro dos criterios de avaliación da área como o grado de adquisición das competencias clave. Uns criterios están ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente a procedementos e actitudes.

Avaliaremos o proceso de ensinanza, a propia práctica educativa e o desenvolvemento de capacidades por parte do alumnado acorde cos obxectivos previstos. Empregaremos instrumentos como:

- A observación directa e sistemática: listas de control, rexistros anecdóticos ou diarios de clase/portfolio.
- A análise das producións do alumnado: monografías, resumos, caderno de clase, resolución de exercicios, textos escritos, textos orais, gravacións, producións artísticas e dramáticas, investigacións e xogos.
- Intercambios orais co alumnado: diálogos, entrevistas, asembleas, posta en común, chuvias de ideas...
- Probas específicas: probas obxectivas, cuestionarios, test, probas abertas, exposicións, resolucións de exercicios...

Tomaranse en consideración tódalas producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal (traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, lecturas y resumos,

investigacións, actitude ante o aprendizaxe, precisión na expresión, probas escritas cando o titor o estime conveniente, entre outras).

O currículo tamén establece uns criterios de avaliación e uns estándares de aprendizaxe avaliábeis por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos da área.

### 3.8.- Criterios de cualificación

Nas áreas de Ciencias Sociais e Naturais, Matemáticas, Linguas Castelá e Galega, os criterios de cualificación serán:

Criterios de cualificación	Peso
<b>Consecución dos obxectivos das unidades didácticas</b> que gardan estreita relación cos contidos e estándares de aprendizaxe establecidos no currículo oficial e expostos no anexo da presente programación.	60%
<b>Interese/esforzo;</b> que valoraremos atendendo aos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo diario. _____ 5%</li> <li>• Realización dos exercicios. _____ 5%</li> <li>• Participación activa na aula e nas asembleas _____ 5%</li> <li>• Interese cara ao traballo escolar. _____ 5%</li> </ul>	20%
<b>Hábitos educativos</b> que valoraremos atendendo aos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cooperación cos demais e axuda mutua. _____ 5%</li> <li>• Traballo en grupo. _____ 5%</li> <li>• Conduta persoal. _____ 5%</li> <li>• Relacións interpersoais. _____ 5%</li> </ul>	20%

### Nas áreas de Valores e Plástica:

- 80 %: Observación dos traballos realizados, presentación, creatividade, adecuación dos traballos ao que se pide, habilidade, planificación e realización cumprindo as normas dadas.
- 20%: Actitude: interese e participación, respecto, responsabilidade en dispor do material necesario, comportamento adecuado.

### *3.9.- Medidas de atención á diversidade.*

A mesma definición do proxecto curricular e a das súas concrecións curriculares constitúe unha medida de atención á diversidade. Por outro lado, o seu desenvolvemento nas programacións didácticas e nas unidades didácticas xerará un conxunto de propostas que favorezan a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións dos alumnos/as respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias básicas e dos obxectivos de cada curso e da etapa.

#### *3.9.1. A atención á diversidade.*

Esta programación atende á diversidade do alumnado en tanto que se prevén actividades de ampliación ou reforzo para aqueles alumnos ou alumnas que o precisen.

A atención á diversidade enténdese como aquelas estratexias metodolóxicas, de configuración de apoios, variedade de recursos e respecto aos ritmos e niveles de aprendizaxe de cara a fomentar unha aprendizaxe individualizada e axustada ás características de cada neno e nena. Esta atención alcanza as súas maiores cotas no caso do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo.

Pódese falar a grandes trazos de tres grupos de alumnado en canto a rendemento escolar: os que precisan un apoio constante do profesor por ter dificultades de aprendizaxe e un ritmo de aprendizaxe máis lento, os que precisan unha guía na realización das tarefas e presentan un ritmo de aprendizaxe normal, e os que só precisan dunha supervisión das tarefas e un ritmo de aprendizaxe rápido.

Atendendo as estes tres tipos básicos de ritmos de aprendizaxe: lento, normal e rápido, ao alumnado propóñense segundo corresponda actividades de reforzo, de ampliación e de repaso, o que non impide que un neno con ritmo de aprendizaxe rápido poida facer actividades de reforzo e os nenos con ritmo lento poidan facer incluso actividades de ampliación.

O que se pretenderá sempre é unha integración total na aula do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, de maneira que todo o alumnado realice a mesma actividade adaptada as súas condicións individuais.

### *3.10.- Actividades complementarias e extraescolares*

Solicitaranse ao longo do curso, as actividades que oferten as diferentes entidades e organismos e que se considere de interese pedagóxico, así como as conmemoracións e festas que se levan a cabo a nivel xeral no centro.

As actividades complementarias previstas a día de hoxe son:

- Museo do mar: 18 de outubro
- Naturnova: 29 de novembro
- Biblioteca Municipal Juan Campañel: 13 de marzo
- Obradoiros de “Camiña con nós pola igualdade”
- Sesións de loga no Parque de Castrelos

### *3.11.- Accións previstas de acordo co proxecto lector*

Dentro do proxecto lector establécense como actividades de fomento da lectura: a formación dos clubs de lectura, as mochilas viaxeiras para todos os alumnos/as e participación nas actividades que promova a biblioteca.

Na aula haberá unha biblioteca de aula, que será ampliada por libros que os propios nenos e nenas traerán para compartir cos compañeiros/as. A maiores poderán compartir tamén volumes relacionados co proxecto que se estea levando a cabo na aula.

Os obxectivos que se pretenden lograr son os seguintes:

- a) Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- b) Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- c) Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- d) Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- e) Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- d) Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

A maiores, prevista como actividade extraescolar, crearemos en colaboración coa coordinadora da biblioteca e, como experiencia piloto no centro, un CLUB DE LECTURA co alumnado de 4º que queira participar. As actividades presenciais realizaranse un martes ao mes a partir de xaneiro.

### *3.12.- Accións previstas de acordo co plan de integración das TIC*

Unha vez á semana, levarase ao alumnado á aula de informática para realizar actividades previamente organizadas polo mestre/a coa utilización dos ordenadores e co apoio do encerado dixital interactivo e recursos relacionados co proxecto que se estea a traballar na aula. Dividiremos o grupo en dous. Mentres un grupo realiza un obradoiro de comprensión lectora co mestra especialista de PT, o resto acudirá coa titora a aula TIC. Na seguinte sesión rotan. Para elo temos reservadas dúas sesións semanais nesta aula.

Na clase haberá un ordenador con conexión wifi e un proxector, para así favorecer o visionado de proxeccións e realización de actividades audiovisuais. A maiores existe un portátil emprestado pola titora para ampliar as posibilidades do traballo TIC dentro da aula ordinaria.

Tamén se realizarán actividades de integración de tablets na aula (emprestadas polo CFR de Vigo), co obxectivo de crear un produto final elaborado polos nenos/as. Traballarase con diferentes aplicacións educativas.

Entre os obxectivos específicos a acadar para o noso alumnado destacamos os seguintes:

- a) Favorecer un uso educativo dos medios tecnolóxicos.
- b) Espertar o interese por aprender ao apoiarse nun *soporte audiovisual* de comunicación.
- c) Desenvolver o sentido crítico respecto á información recibida deste medios.
- d) Fomentar o *traballo cooperativo* (parella, pequeno grupo) entre o alumnado.
- e) Facilitar a *comunicación* do alumnado cos seus compañeiros de clase, do colexio, doutros colexios, doutras cidades, países, etc.
- f) Potenciar a *inclusión* do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo mediante o manexo de materiais adaptados e flexibles.
- g) Tomar contacto coa nova forma de aprender.
- h) Coñecer e utilizar diferentes programas.
- i) Tomar conciencia de que as novas estratexias adquiridas son a base para a aprendizaxe autónoma do alumno ao longo de toda a súa vida.

### 3.13.- Criterios para avaliar a propia programación

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios.

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
4. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
5. Presentar unha coherencia gradual, lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.

6. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
7. Realizar revisións periodicamente.
8. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
9. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

**4.- OBXECTIVOS DE ETAPA, CONTIDOS, TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES APRENDIZAXE, COMPETENCIAS AS QUE SE CONTRIBÚE E AVALIACIÓN CUANTITATIVA.**

*Ver Anexos da programación.*

Esta programación didáctica de cuarto curso será desenvolvida máis detalladamente (mediante proxectos ou unidades didácticas) por parte da titora.